

TÍTULO DA ACTIVIDADE:

- «APRENDENDO COAS ESCOLAS CLIMÁNTICAS»

FINALIDADE:

- Prácticas das metodoloxías para a introdución do proxecto Climántica en primaria.

NIVEL, CICLO, ÁREA:

- Educación primaria, terceiro ciclo, Coñecemento do medio.

MODALIDADE:

- Curso.

DESTINATARIOS:

- Mestres.

Nº DE PRAZAS:

- 50.

CRITERIOS DE SELECCIÓN:

- Os criterios xerais do plan anual de formación.

LUGAR DE CELEBRACIÓN:

- Facultade de Físicas no campus Sur da Universidade de Santiago de Compostela.

RECEPCIÓN DE INSCRICIÓNS:

- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria Sistema de Xestión da Formación do Profesorado <http://www.edu.xunta.es/fprof>
- Área: Educación Primaria.
- CFR: Servizos centrais.
- Referencia: X0801392.

DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN:

- 27 de marzo de 2009.

DURACIÓN:

Total 30 horas.	• Información: 20
	• Posta en común: 4
	• Avaliación: 1
	• Non presenciais: 5



Proxecto de Educación Ambiental CAMBIO CLIMÁTICO

TEMPORALIZACIÓN:

- Fase presencial os sábados 18 e 25 de abril, e 9, 16 e 23 de maio de 2009 das 10:00 ás 14:00 horas, coa posta en común o 6 de xuño de 2009, sábado, das 10:00 ás 14:00 horas.

OBXECTIVOS:

- Acadar as competencias necesarias para xestionar os edublogs de Climántica, optimizando a potencialidade didáctica desta ferramenta.
- Reflexionar sobre as actividades interactivas e obradoiros de "Aprendendo coas Escolas Climánticas".
- Reflexionar sobre o potencial educativo do videoxogo sobre territorio, enerxía e cambio climático CLMNTK.

CONTIDOS:

- Evidencias do cambio climático.
- Consecuencias do cambio climático.
- Abordando o reto do cambio climático desde a memoria histórica familiar sobre mobilidade, consumo enerxético e xestión de residuos.
- Uso dos blogs e dos foros como recurso didáctico para desenvolver as competencias básicas, fomenta-la aprendizaxe colaborativa, a argumentación e a atención á diversidade.
- Metodoloxías de indagación na rede (webquest, viaxes virtuais, cazas do tesouro).
- Simulación de decisións sobre xestión de territorio, e da enerxía para o reto cambio climático.
- Alimentación correcta.
- Hábitos de mobilidade saudable.
- Consumo xusto.
- Actividades dixitais de Climántica.
- Xogos de rol e dinámicas de grupo.

ACTIVIDADES:

SÁBADO 18 DE ABRIL de 10 a 14 h.:

Susana Vázquez e Jesús M. Teira. Profesores de Física e Química do grupo TIC de Climántica.

- Os blogs como recurso para desenvolver ás competencias básicas; exemplos de aplicación e integración nas aulas.
- Uso e xestión dos blogs de Climántica (I): Entrar na administración, crear categorías, publicar e editar un post, inserir vínculos e imaxes.

SÁBADO 25 DE ABRIL de 10 a 14 h.:

Susana Vázquez e Jesús M. Teira. Profesores de Física e Química do grupo TIC de Climántica.

- Uso e xestión dos blogs de Climántica (II). Inserir vídeos, animacións e podcasts. Moderar comentarios. Xestión de usuarios.
- Metodoloxías didácticas baseadas na investigación na rede: webquest, miniquest, cazas do tesouro, viaxes virtuais.

SÁBADO 9 DE MAIO de 10 a 14 horas

Susana Vázquez e Jesús M. Teira. Profesores de Física e Química do grupo TIC de Climántica

- Uso e xestión dos foros de Climántica.
- Outras técnicas baseadas no uso de foros: construción de materiais, foros de axuda e consulta: ¿que hai detrás dun foro?
- Integración dos blog e nos foros na aula para desenvolvemento das competencias básicas en Educación Primaria: dinámicas previas na aula, visitas guiadas ao blog guía e aos foros, normas de publicación, consulta de categorías, avaliación da participación dos estudantes, o blog como un caderno de aula, o foro como lugar de debate e construción de ideas.

SÁBADO 16 DE MAIO de 10 a 14 horas:

Francisco Sóñora, director de Climántica, autor do argumento do videoxogo CLMNTK, profesor de Bioloxía e Xeoloxía e mestre en excedencia.

- Didáctica multimedia I: exemplos de aplicacións das Videoxogos e aprendizaxe escolar: o videoxogo CLMNTK como ferramenta didáctica.

José Manuel Bouzán, mestre e enxeñeiro técnico informático autor da subweb de Primaria de climantica.org

- Didáctica multimedia II: Actividades interactivas da proposta "Aprendendo coas Escolas de Climántica" contidas na subweb para Educación Primaria da web climantica.org (O cambio climático: evidencias e consecuencias. A meteoroloxía e a súa memoria histórica. O reto do cambio climático desde a perspectiva da memoria histórica familiar sobre a mobilidade, o consumo enerxético e a xestión dos residuos).

SÁBADO 23 DE MAIO de 10 a 14 h.:

Raquel Troitiño, profesora de Bioloxía e mestra e Mercedes Rodríguez, catedrática de Bioloxía e Xeoloxía.

- Actividades experimentais e obradoiros da proposta Aprendendo coas Escolas Climántica.

SÁBADO 6 DE XUÑO de 10 a 14 h.:

Susana Vázquez e Jesús M. Teira, Profesores de Física e Química do grupo TIC de Climántica.

- Posta en común da parte práctica de competencia dixital.

OBSERVACIÓNS METODOLÓXICAS:

- Vai a ser unha metodoloxía eminentemente práctica. Os coñecementos serán teórico - prácticos e as exposicións teóricas irán apoiadas por material didáctico en formato guía en papel e sempre relacionadas coas actividades prácticas ás que fundamentan.
- No módulo relativo á administración e xestión de blogs, as clases desenvolveranse na aula de informática con un número máximo de 2 docentes por ordenador. Usaranse ademais dos tutoriais en papel, outros a modo de películas que reproducen na pantalla do ordenador todos os procesos que hai que seguir, podendo reproducilos toda as veces que se precise. O blog guía actuará como soporte desta formación ao longo do curso escolar.
- No nivel de informática, partirase dun nivel de usuario básico para chegar a comprender os fundamentos educativos e didácticos dos blogs.
- Practicaránse as actividades dixitais e as do videoxogo CLMNTK ata acadar un nivel de seguridade suficiente para levalas á aula e faranse as oportunas valoracións didácticas.
- A posta en práctica terá que ver coa publicación e correspondente valoración da publicación dun post e dunha miniquest e coa valoración da aplicación na aula dunha actividade interactiva da secuencia de Aprendendo coas Escolas Climánticas ou do videoxogo CLMNTK.
- Para a aplicación das propostas na aula e para a organización da posta en común, disporase da asesoría dos poñentes do curso a través do uso do foro.

OBSERVACIÓNS ORGANIZATIVAS:

- Todos os recursos do curso correrán por conta da organización.
- A media mañán servirase un café con repostería por conta da organización.
- Os gastos de desprazamento correrán por conta dos asistentes.



Aprendendo coas Escolas Climánticas

